

## INFORME EXECUTIVO PROVISIONAL SOBRE A TAXA TURÍSTICA\*



\*Pendente peche do informe definitivo da dispoñibilidade de datos sobre apartamentos turísticos.



ÍNDICE:

1. Introducción	Páxina 4
2. Concepto e clases	Páxina 7
3. Potenciais consecuencias	Páxina 10
4. Experiencia comparada	Páxina 14
5. Cuantificación da achega potencial da taxa turística	Páxina 23
6. Propostas	Páxina 25
7. REFERENCIAS	Páxina 27

## 1. Introducción

Un tributo vello é un bo tributo, clásico aforismo da facenda pública tendo en conta o rexeitamento que, tanto por parte dos potenciais contribuíntes, como dos políticos encargados de implantalo, adoita acompañar a proposta de creación dunha nova contribución. Pero tamén é certo que, ante novas realidades sociais ou en presenza de cambios sobrevidos nalgunhas preexistentes, o cadro tributario que recolle as fontes de ingresos das distintas administracións públicas pode sufrir cambios, tanto pola necesidade de manter a suficiencia, como pola conveniencia de establecer políticas de ordenación, ao servizo das cales, en non poucas ocasións, é oportuno usar certos tributos.

Unha desas circunstancias presentouse en varios países de Europa hai só uns anos, tendo en conta que -ao tratarse da primeira rexión turística do mundo- se vía a necesidade de establecer unha taxa sobre as durmidas dos visitantes, un medio con varias finalidades entre as que destacan a provisión de recursos públicos locais en momentos de quebrantos para os orzamentos municipais, así como a posibilidade de utilizala cunha difusa finalidade regulatoria. Non sempre ese tributo, baixo a forma xurídica de taxa, respondeu á súa definición estrita, é dicir, nalgúns lugares o recadado non se encamiñou posteriormente á mellora das infraestruturas e outros servizos ligados ao turismo.

As cidades fóronse convertendo nun dos destinos preferidos pola demanda turística, combinando turismo de negocios e turismo de lecer. En Europa, máis do 50 por cento das durmidas realízanse no ámbito urbano. Non se pode concibir, pois, a política local urbana sen unha compoñente de política turística. Nesa política atópanse, non sempre nunha relación pacífica, competencias do mundo da cultura, da ciencia, do urbanismo, da mobilidade e da competitividade, todo dentro do que poderíamos chamar o ecosistema da cidade.

Densidade, diversidade, centralidade, espazo público, non hai cidades sen unha combinación concreta destes elementos, e nesa mestura ten a actividade turística un lugar destacado, polo menos desde a segunda metade do século XX. Miremos na perspectiva que queiramos, o turismo é hoxe un dos elementos inevitables da paisaxe urbana. Turismo, por certo, como feito social complexo, suxeito con excesiva frecuencia a simplificacións non axeitadas. Simplificacións que alcanzan a mesma práctica do turismo, tanto desde o punto de vista da oferta como da demanda. Poñamos un exemplo ben significativo: o patrimonio, que en non poucos destinos corre o risco de banalizarse. Banalización igual a uniformización da oferta. Uniformización que revela tamén un déficit de xestión, véxase se non a concentración de turistas na contorna da catedral de Compostela, como se a fermosa e orixinal basílica de Sar non existise, por citar un exemplo ben relevante. Mesmo alí onde a oferta é obxectivamente diversa e de alta calidade, a xestión mal orientada produce manifestas externalidades negativas que, nun claro efecto *feed back*, acaban por degradar a propia demanda turística. Hai que perseguir unha mobilidade eficiente, planificar e ordenar mellor para que a práctica do turismo e a vida das persoas residentes sexan compatibles.

Non é este o lugar para afondar na distinción entre turismo de negocios e congresos e o de lecer, pero na xestión debe considerarse tamén que existen retroalimentacións mutuas. En calquera caso, son categorías diferentes, que suscitan esixencias diferentes. Aos nosos fins, para completar esta introdución, convén traer a colación o turismo como elemento moi importante da sociabilidade urbana, polo que é pertinente realizar algunhas observacións sobre o espazo público. Observacións que se fan á marxe dunha realidade inmediata, que non é outra que a crecente falta de seguridade por determinados feitos violentos ligados ao terrorismo.

Mesturarse na actividade cotiá da cidade -por exemplo nos seus mercados- está a ser unha das primeiras atraccións urbanas. Camiñar, descubrir, tan importante ou máis que visitar. Estamos ante condutas híbridas espontáneas, pero susceptibles tamén de seren ordenadas de modo flexible, para non restarlles naturalidade. Debe prestarse unha atención prioritaria, pois, ás políticas de mobilidade. Máis alá de problemas

derivados das novas ofertas de aloxamento, mal reguladas ou nada reguladas, onde -como ocorre tantas veces- a oferta informal se situou por diante da norma, o certo é que o turismo achega, coa súa presenza, non só diversidade por procedencia xeográfica, de nacionalidade, de lingua, de cultura, senón tamén diversidade social. Pero é un feito que o turista pode molestar, interferir, e estes inconvenientes levan mesmo a que se esqueza a súa contribución en termos de xeración de renda. Ou, como ocorreu en moitos lugares do mundo, e en cidades ben emblemáticas, que se infravalore a “outra” mirada do turista sobre o cotián, ás veces invisible para o residente. Ver de xeito cotián pode levar acompañado non recoñecer o mérito. Algúns lugares, recunchos, condutas, acaban sendo postas en valor pola mirada do outro.

En calquera caso, a xestión do turismo urbano debe contribuír a que as persoas residentes se sintan atinxidas positivamente para que a súa participación sexa unha das claves do éxito. Temos que recoñecer, con todo, que lonxe de seguir esa dirección, parece máis ben irse na oposta, empezando a vivirse o turismo como fonte de numerosos inconvenientes que, dunha maneira errónea, ao noso xuízo, oculta moitos dos seus beneficios. Que a calidade presente unha relación inversa coa conxestión do destino non implica que unha boa xestión non sexa moi útil para mitigar ou mesmo modificar substancialmente esa conxestión.

É, nese contexto, brevemente sintetizado, no que a taxa turística irrompe como instrumento cada vez máis socorrido de xestión no sector. Tanto é así, que a propia Comisión estatal para a revisión do financiamento local en España vén propoñer un tributo potestativo sobre as estadias turísticas, afirmando que a estancia en hoteis ou establecementos análogos, é un inequívoco signo de capacidade económica, e na idea razoable de que os turistas contribúan, na medida do seu uso, ao financiamento de certos servizos públicos.

## 2. Concepto e clases

A taxa turística non é ningunha gran novidade. Na veciña Francia, sen ir máis lonxe, unha lei de 1919 xeneralizou o seu uso, iniciado anos antes nos municipios con balnearios e similares, coa vista posta en xerar recursos para mellorar as infraestruturas turísticas, pouco competitivas en comparación coas alemás e as austrohúngaras. Por tanto, lexislouse a súa afectación ás obras relacionadas co mantemento de monumentos e lugares singulares, saneamento, mellora de accesos, tránsito etc. Nos Estados Unidos de América, prestixiosas publicacións científicas como a *National Tax Journal*, xa se ocupaban do problema aos inicios da década do 70. Entón considerábase moi pertinente xestionalo “imposing an occupancy tax on hotel/motel rooms”. Outros exemplos históricos poderían ser traídos a colación, pero non é ese o obxecto do noso traballo. Si debemos, con todo e en primeiro lugar, tratar de precisar cal é a natureza deste tributo, denominado de forma diversa en distintos países, rexións, cidades etc., incorporando nalgúns lugares a denominación de ecotaxa, para reflectir a súa potencial vinculación á preservación do medio ambiente.

O feito imponible adoita estar constituído pola estadía que realiza o contribuínte en establecementos ou equipamentos vinculados ao turismo, como hotéis, apartamentos, cámpings, casas de turismo rural, albergues, áreas para pernoctar, embarcacións tipo cruceiro e outras que se determinen por lei. O contribuínte é a persoa física que leve a cabo unha estadía nos establecementos ou equipamentos que acabamos de citar. O substituto do contribuínte é a persoa física ou xurídica, ou outras entidades, que sexan titulares deses establecementos ou equipamentos.

Segundo o tipo de establecemento ou equipamento, aplícanse as correspondentes tarifas, de tal modo que a cota tributaria é o resultado de multiplicar o número de estadias polo tipo de gravame. En canto ás exencións, o habitual é que inclúan as persoas menores de dezaseis anos, así como a quen goce de subvencións de programas sociais.

A taxa devindícase ao comezo da estadía e é esixible ao concluír esta. A autoliquidación deberá ser presentada polas persoas físicas ou xurídicas, titulares dos establecementos ou equipamentos turísticos, na súa condición de substitutos, que deberán igualmente facer o ingreso correspondente nos prazos sinalados regulamentariamente.

En xeral, lígase a aplicación deste tipo de taxas ás estadías que implican pasar a noite, pero non se trata dunha modalidade exclusiva, xa que, de feito, poden ser establecidas tamén para os visitantes de día co fin de que este instrumento fiscal contribúa á regulación dos espazos públicos. Isto non quere dicir que este obxectivo non se persiga polas demais, senón que pretende que quen é turista de paso, sen durmida, non quede excluído do gravame. Esta clase de taxa, cuxa implantación é coherente coa filosofía que apoia os tributos desta natureza, presenta, con todo, unha notable dificultade na forma en que debe esixirse o pago. Os excursionistas, que así adoita denominarse a esta clase de viaxeiros, serían gravados cando acceden en grupo e, en principio, utilizaríanse os operadores turísticos como substitutos.

Fronte á taxa turística que poderíamos chamar real, existe tamén a posibilidade de utilizar unha taxa a *forfait*, como se fai nalgúns países, sobre todo para a súa aplicación en cámpings e portos deportivos, fundamentalmente. Con ela grávase a capacidade de aloxamento, é dicir, o montante da base do *forfait* é independente do número de persoas efectivamente aloxadas, tendo en conta a taxa media de ocupación.

Desde o punto de vista da utilización do produto das taxas turísticas, en xeral, tanto as xustificacións da súa implantación desde o ámbito político, como as que se desprenden das exposicións de motivos das normas concretas, fan referencia á relación entre o recadado e a súa aplicación a funcións de gasto ligadas ao sector turístico. Esa atribución recoñécese, nuns casos, como total e, noutros, como parcial. En xeral, faise referencia a financiar servizos de información ou á súa mellora, ao mantemento da contorna urbana, á protección de espazos naturais, ao transporte ou á posta en valor do patrimonio local, entre outros fins. En definitiva, trataríase



de alimentar a dinámica dun círculo virtuoso entre oferta e demanda turísticas. En tal sentido, a afectación do produto da taxa ás melloras que vimos de mencionar -e a outras que se poidan suxerir-, podería acabar repercutindo positivamente na calidade dos servizos turísticos e, como segunda derivada, na calidade mesma da demanda turística. Con todo, cando se estuda a aplicación destes tributos nunha mostra ampla, tanto en Europa como en América, unha relativa falta de transparencia impide afirmar que isto sexa así en todos os casos.

Pode ocorrer tamén que a taxa turística estea establecida a un nivel diferente do municipal e que os entes locais reciban os recursos a través de transferencias condicionadas. Ás veces, tal escenario é proclive á existencia de filtracións do financiamento turístico cara a outros fins diferentes. Así ocorreu, por poñer un exemplo recente e próximo, co tributo turístico da Generalitat de Cataluña, cuxa utilización polos municipios levou ao goberno autonómico a acentuar as súas actuacións de vixilancia e control para que os concellos destinaran a taxa a accións de promoción do sector.

Outra cuestión interesante é a que pode suscitarse no seo de aglomeracións metropolitanas, pois se só é establecida pola cidade central, poderían producirse fenómenos de deslocalización e competencia fiscal na área.

### 3. Potenciais consecuencias

Boa parte dos estudos que se levaron a cabo a respecto da evolución da demanda turística amosaron que os prezos son unha variable relevante. A dinámica dos prezos relativos tivo historicamente unha influencia maior que os efectos renda. Agora ben, o marco competidor do turismo dirixido a España cambiou moito nos últimos anos, polo que ese escenario se restrinxiu a algúns destinos, como Marrocos ou Portugal. Os países do norte de África e do Mediterráneo oriental -Turquía, Exipto, Tunicia- non pasan por bos momentos. Por outra banda, os fluxos turísticos que valoran de maneira relevante o patrimonio natural e histórico, a gastronomía e outros atractivos diferentes ao destino de sol e praia, incluíndo o turismo “relixioso”, manteñen unha tendencia na demanda relativamente distinta. Non hai que esquecer que os bens e servizos que son dificilmente substituíbles teñen unha demanda máis rixida que aqueles que non o son. Iso, con todo, non debe levarnos a pensar que os prezos son neutrais a respecto da demanda turística. Boa parte dos turistas adoitan chegar aos seus destinos a través de turoperadores, con prezos moi axustados. A sensibilidade á variación de prezos é nesta demanda máis acusada, aínda que a taxa turística adoita deseñarse con tarifas baixas e, na práctica comparada, non evidencia experiencias negativas neste sentido.

Respecto a un balance de vantaxes e prexuízos da implantación dunha taxa turística, a abordaxe dos resultados obtidos polos gobernos que a introduciron, tanto en Europa como noutros continentes, é positiva. En primeiro lugar, axuda á suficiencia, ao incrementar a recadación. Pero o máis destacado é o seu carácter finalista, total ou parcialmente, facilitando un círculo virtuoso que, no medio prazo, mellora a calidade da demanda turística. Unha boa xestión da taxa permite crear unha contorna propicia ao crecemento dun turismo sustentable, levando a cabo algúns destinos a experiencia participativa como factor de transparencia e de lexitimación do tributo.

A visibilidade das súas vantaxes acrecéntase se se poñen en marcha mecanismos de xestión que sexan formais e transparentes. A rendición de contas, máis alá da que corresponde en termos orzamentarios, debería facerse tamén á industria, dándolle un carácter de permanencia e normalidade ao uso do tributo. Esta é unha práctica bastante habitual nos países nos que a taxa se implantou hai xa tempo.

En canto aos posibles inconvenientes derivados da creación dunha taxa turística, o máis socorrido é o que se deriva do agravio comparativo coa oferta turística consistente en aloxamentos irregulares. Obsérvase que non se trata dun defecto da taxa, senón da ausencia ou deficiente regulación de tales aloxamentos. Este fenómeno xorde en España dun modo intenso a partir de 2010. No últimos tres anos, o incremento da oferta de prazas irregulares supuxo máis dun 1.600 por cento, ligado de forma moi directa á irrupción das plataformas tecnolóxicas. Nalgúns casos, algunhas delas conviñeron negociar co goberno e comezaron a prestar colaboración, pero, noutros non foi así, provocando condutas de competencia desleal, fraude fiscal etc. Ás veces, unha certa porcentaxe destes aloxamentos disfrázanse de economía colaborativa, pero a realidade obxectiva é que, na súa gran maioría, se sitúa na economía irregular ou somerxida.

A Generalitat de Cataluña, ante a gravidade do problema, propúxose crear un “asistente de recadación”, como o exemplo de Airbnb, plataforma tecnolóxica que mostrou a súa disposición para colaborar nunha solución. A plataforma pagaría a taxa das reservas que xestione, para liquidala logo cos propietarios. Un modelo similar é utilizado xa en cidades como París, Ámsterdam ou Lisboa, entre outras. Estes exemplos parecen amosar un xiro, na práctica, dalgunhas destas plataformas, que durante bastante tempo foron auténticos santuarios da economía informal. Iso levou a unha certa espiral de especulación e a un aumento dos alugueiros, o que, á súa vez, produciu unha tensión nas administracións locais, que en moitos casos pasaron a establecer normas de *lege ferenda*.

Noutra orde de cousas, pode presentarse un problema o primeiro ano de implantación pola dificultade de repercutir a taxa ao turista, posto que a taxa sobre aquelas ocupacións contratadas por turoperadores,

probablemente acabará por ser asumida pola oferta. Pero, con carácter xeral e consultados os traballos máis solventes levados a cabo, tanto en Europa como en América, da maioría despréndese que unha taxa turística ben deseñada produce un rendemento non desprezable para as administracións que a implementan, mentres que a elasticidade da demanda de aloxamentos é baixa, se se considera unha parte do custo total das vacacións ou viaxes de turismo.

Sistematizamos agora os potenciais efectos, tanto negativos como positivos, da implantación da taxa.

Efectos positivos: internalización de externalidades negativas, como son os custos ambientais, incluída a conxestión, e os custos inflixidos ao benestar doutros turistas sobre os mesmos lugares. Estas externalidades acaban influíndo negativamente nos fluxos potenciais de turistas futuros. A iso habería que engadir o consumo dalgúns bens colectivos -rede de estradas, redes urbanas, saneamento etc.- ante os que os turistas se comportan como *free riders*. Ademais, produce ingresos non irrelevantes que se recadan sen grandes problemas administrativos.

Pero a implantación da taxa turística tamén presenta riscos. Como xa comentamos, con carácter xeral, a taxa pode influír negativamente na competitividade do prezo do destino, reducindo o fluxo de turistas. Igualmente podería ocorrer, e así pasou nalgúns países nos anos 80, que ante a implantación ou elevación dunha taxa turística, se produzan represalias equivalentes no país de procedencia. Hoxe en día este risco parece minimizado. O que si constituiría un erro sería unha imposición que só tentase aproveitar o proceso de rápido crecemento do sector, sen a prudencia e o sentido común que calquera novo tributo esixe. É dicir, sen

analizar adecuadamente a racionalidade subxacente, que existe, como estamos a tratar de evidenciar neste informe.

Da literatura e dos estudos empíricos dedúcese que a taxa turística, para a súa adecuada viabilidade, debe ser moderada e explicitamente vinculada ao financiamento de melloras no sector.

#### 4. Experiencia comparada

Podería dicirse que a implantación da taxa turística foi debuxando un mapa internacional moi variado, para todos os gustos. A continuación expoñeremos unha mostra de cidades:

##### ESPAÑA

**Barcelona**, de 2,25 euros por persoa e día en hoteis de cinco estrelas ou cámpings de luxo a 0,65 en establecementos que non sexan hoteis nin apartamentos turísticos, cun máximo de sete días. Apartamentos, 2,25; resto, 0,65 por persoa e día. Exentos os menores de 16 anos e os participantes en viaxes Imsero.

**Illas Baleares**, ata 9 días en tempada baixa, 0,50 euros por persoa e día; máis de nove días, 0,25. En tempada alta, 1 euro e 0,50, respectivamente. Exentos os menores de 16 anos.

Outras cidades españolas estudan a súa implantación: os gobernos locais de Sevilla, Granada, Valencia, Madrid, San Sebastián, entre outros, veñen mostrando partidarios de establecela, en distintas modalidades.



-  Cidades que xa implantaron a taxa
-  Cidades que estudan a implantación da taxa

## PORTUGAL

**Lisboa**, a taxa é de 1 euro, cobrada ata unha estadía máxima de 7 noites, nutrido o Fondo de Desenvolvemento Turístico.

**Cascais**, tamén de 1 euro e polo mesmo período, a maiores de 13 anos. Os turistas teñen a vantaxe dun pase chamado “Bairro dous Museus”, válido por 48 horas.

**Santa Cruz, Madeira**, 1 euro por día ata un máximo de 5, cobrada a maiores de 18 anos.

**Porto**, comezará a cobrala a partir do 1 de xaneiro do 2018. Será de 2 euros diarios e co seu produto atenderase primordialmente a promover vivendas de clase media e media-baixa non centro histórico.

**Ponta Delgada**, nas Azores, tena prevista aínda que sen data.

**Aveiro** instaurouna en xaneiro de 2013 e retirouna en abril de 2014, despois de render un 2% do previsto: 4.000 euros fronte a 200.000.

## ITALIA

Citamos a seguir a serie de municipios que en Italia estableceron unha taxa turística. Facémolo para subliñar a opción decididamente favorable das autoridades italianas á implantación do tributo, sen parangón noutros países:

**Venecia, Roma, Florencia, Catania, Padua, Vieste, Villasimius. Milán, Boloña, Nápoles, Aosta, Livorno, Perugia, Matera, Vicenza, Verona, Ancona, Como, Siena, Pisa, Lecce, La Spezia, Ragusa, Xenova, Turín, Massa, Verbania, Bérgamo, Parma, Pesaro, Módena, Salerno, Lodi, Ferrara, Grosseto, Rávena, Trapani, Messina, Rímini, Palermo, Siracusa, Sondrio, Lucca. Riccione, Cattolica, San Gimignano, Vieste, Ostuni, Alberobello, Gallipoli, Otranto, Ostuni, Fondi, Sperlonga, Sabaudia, Tropea, Soverato, Scalea, RoccellaJonica, Senigallia, San Benedetto del Tronto, Terracina, Gaeta, Viareggio, Fiumicino, Giardini Naxos, Ravello, Taormina, Erice, Cefalù, San Vito Lo Capo, Terrasini, Sorrento, Villasimius, Budoni, Pula, Muravera, Cernobbio, Cortona, Jesolo, Comunidella cinta di Gardaland, Comunidella Val d'Arno, Orvieto, Montepulciano, San Gimignano, Montecatini, Montalcino, Fiuggi, Chianciano Terme, Ortisei, Auronzo, Roccaraso, Pescasseroli, Saliced'Ulzio, Bormio, Barolo, Barbaresco, Courmayeur, Cogne.**

Comentaremos unha mostra soamente:

**Roma**, a máis cara, cunha taxa de 7 euros para os hoteis de 5 estrelas, 6 para os de 4, 4 para os de 3 e 3 para os de 2 e 1. B&B e residencias, 3,50, ata un máximo de dez días. Exentos menores de 10 anos.

**Boloña**, segundo prezo do aloxamento, a taxa vai desde 1 euro ata 4, por persoa e noite, ata un máximo de 5. Exentos menores de 14 anos e estudantes de universidade residindo en aloxamentos estudantís

**Módena**, aloxamentos clasificados por estrelas, desde un mínimo de 0,50 por persoa e noite ata 4 euros, B&B, 1 euro e cámpings 1 euro, ata un



máximo de 10 noites. Exentos menores de 12 anos e outros casos particulares.

**Ferrara**, entre 1 euro e 3 segundo categoría hostaleira, 1,50 en B&B e 1 en cámpings. Máximo 5 noites. Menores de 18 anos, exentos. Outras exencións.

**Parma**, entre 0,50 euros e 2 para os hoteis, segundo categoría, 1 para B&B e cámpings. Exentos os menores de 12 anos e condutores de autobús turístico.

**Xénova**, 1 euro por persoa, con independencia da clase de aloxamento, ata un máximo de 8 noites. Exentos menores de 14 anos e outros, de carácter secundario

**Milán**, hoteis de 1 e 2 estrelas, 2 euros por persoa e noite, de 3 estrelas, 3 euros, de 4 estrelas 4 euros e de 5, 5 euros. B&B e residencias, 2. Máximo, 14 noites. No mes de agosto as tarifas redúcense un 50 por cento. Exentos os menores de 18 anos. Outras reducións.

**Púa**, hoteis de 1, 2 e 3 estrelas, 0,50 euros por persoa e noite. De 4, 1 euro e de 5, 1,50. B&B e residencias, 0,50. Exentos os menores de 16 anos. Outras exencións.

**Palermo**, hoteis de 1 estrela, 0,50 euros por persoa e noite. De 2, 1 euro. De 3, 1,50. De 4, 2 e de 5, 3 euros. B&B e residencias, 1 euro. Máximo 4 noites. Exentos os menores de 18 anos, entre outras.

**Florenzia**, hoteis de 1 estrela, 1,50 por persoa e noite; de 2, 2,50; de 3, 3,50; de 4, 4,50 e de 5, 5,50. B&B e residencias, 2,50. Máximo, 7 días. Exentos os menores de 18 anos, os estudantes da universidade e outros.

**Pisa**, hoteis de 1 estrela, 1 euro por persoa e noite; de 2 e 3, 1,50; de 4 e 5, 2 euros. B&B e residencias, 1 euro. Máximo, 5 días. Exentos os menores de 10 anos.

**Siena**, hoteis de 1, 2, 3 e 4 estrelas, 2,50 euros por persoa e noite. Hoteis de 5 estrelas, 5 euros. B&B, 2,50 e residencias, 1,50. Máximo, 6 días. As tarifas do 1 de novembro ao 28 (29) de febreiro son máis reducidas. Menores de 12 anos, exentos. Outras exencións.

**Perugia**, hoteis de 1 estrela, 0,50 euros. De 2, 1 euro; de 3, 1,50, de 4, 2 euros e de 5 estrelas, 2,50. B&B e residencias, 1 euro. Máximo de 10 días. Exentos os menores de 14 anos e os estudantes da universidade, entre outros.

**Verona**, hoteis de 1 estrela, 0,50 euros por persoa e noite; de 2, 1 euro; de 3, 1,50; de 4, 2 e de 5, 3 euros. B&B e residencias, 2,50. Máximo de 5 días. Exentos os menores de 16 anos. Outras exencións menores.

**Padova**, hoteis de 1 estrela, 1 euro por persoa e noite; de 2, 1,50; de 3, 2 euros; de 4 e 5 estrelas, 3. B&B e residencias, 1 euro. Máximo, 5 días. Exentos, menores de 16 anos. Outras exencións menores.

## FRANCIA

Os municipios que poden establecer unha taxa turística están determinados por lei, segundo o seu carácter: estacións de montaña, municipios turísticos, algúns municipios litorais, comunas de montaña, municipios que realizan accións de protección da natureza. Os departamentos (provincias) poden cobrar unha taxa adicional do 10 por cento, recadada simultaneamente á turística.

Están exonerados do pago os menores de 18 anos e quen use aloxamentos cuxo aluguer sexa inferior a un montante determinado polo consello municipal e outros de menor entidade.

A tarifa máxima da taxa por persoa e da cota por unidade de capacidade de aloxamento fíxa o consello municipal consonte un baremo establecido por decreto para cada categoría sobre a base dunha clasificación oficial. Cada ano, na lei de orzamentos e de acordo coa evolución dos prezos ao

consumo, excluído o tabaco, revalorizaranse se é o caso. A seguir relacionamos unha mostra:

**París:**

CATEGORÍAS DE ALOXAMENTO	TARIFAS NETAS POR PERSOA E POR NOITE
Palacios	4,40€
Hoteis e residencias de turismo, amobladas: 5 estrelas.	3,30€
Hoteis e residencias de turismo, amobladas: 4 estrelas.	2,48€
Hoteis e residencias de turismo, amobladas: 3 estrelas.	1,65€
Hoteis e residencias de turismo, amobladas: 2 estrelas. Residencias de vacacións: 4 e 5 estrelas.	0,99€
Hoteis e residencias de turismo, amobladas: 1 estrela. Residencias de vacacións: 4 e 5 estrelas. Residencias de vacacións: 3, 2 e 1 estrelas. Cuartos de hóspedes, postos nas zonas de camping-cars e parques de estacionamento.	0,83€

Hoteis e residencias de turismo, amobladas, residencias de vacacións: en espera de estar catalogados ou sen clasificación.	0,83€
Campings: 3, 4 e 5 estrelas.	0,60€
Campings : 1 e 2 estrelas. Portos deportivos.	0,22€

O destino principal da taxa turística é o financiamento de infraestruturas do Gran París.

**Marsella**, palacios e equivalentes, 4 euros por persoa e noite; hoteis 5 estrelas e equivalentes, 3 euros; hoteis de 4 estrelas e similares, 2,25 euros; hoteis de 3 estrelas e equivalentes, 1,50; hoteis de 2 estrelas e similares, aldeas de vacacións de 4 e 5 estrelas e equivalentes, 0,90 euros; hoteis de 1 estrela e similares; aldeas de vacacións de 1, 2 e 3 estrelas, cámpings e outros de características semellantes, 0,75 euros. Terreos para acampada, portos de recreo, 0,20 euros.

**Biarritz**, palacios e equivalentes, 3,50 euros por persoa e día; hoteis 5 estrelas e equivalentes, 2,50; 4 estrelas e equivalentes, 2,20; 3 estrelas e equivalentes, 1,30; 2 estrelas e similares, 0,80; 1 estrela e similares, 0,50; cámpings e lugares para caravanas, de 0,50 a 0,20 euros. Exonerados os menores de 18 anos e outros de menor relevancia

**Lille**, palacios e similares, 4 euros; hoteis 5 estrelas e equivalentes, 3; de 4, 2,25; de 3, 1,50; de 2, 0,90; de 1 e equivalentes, cámping-caravanas, 0,75; outros, de 0,55 a 0,20. Varias exencións

**Chamonix-MontBlanc**, palacios, 4 euros; hoteis 5 estrelas, 3; 4 estrelas, 2,25; 3 estrelas, 1,50; 2 estrelas, 0,90; 1, 0,75 euros. Cámpings, entre 0,55

e 0,20 euros. Aldeas turísticas, entre 0,75 e 0,90 euros; cabanas e outros, 0,75 euros. Exentos menores de idade e outros, como os albergues de menos de 5 euros noite.

**Estrasburgo**, palacios e equivalentes, 4,40 euros por persoa e noite; hoteis 5 estrelas e similares, 3,30; 4 estrelas e equivalentes, 2,45; 3 estrelas e similares, 1,65; 2 estrelas e equivalentes, 0,80; 1 estrela, equivalentes, B&B, caravanas, 0,55 euros; cámpings, 0,22. Exención para menores de 18 anos, albergues de menos de 15 euros noite e outros.

**Mont Saint-Michel**, palacios, hoteis 5 e 4 estrelas, así como equivalentes, 1 euro por noite; hoteis 3 estrelas e similares, 0,80; de 2 estrelas e equivalentes, 0,60; hoteis de 1 estrela e similares, incluídos parques de caravanas e portos deportivos, de 0,20 a 0,40 euros.

**Rennes**, palacios e similares, 1,15 euros por persoa e día; hoteis 5, 4 estrelas e equivalentes, 1,15; 3 estrelas e similares, 0,85; de 2, 0,65; de 1, equivalentes e parques caravanas, 0,35 euros; cámpings e outros, 0,30; portos deportivos, 0,20. Exentos os menores de idade e outros.

## GRAN BRETAÑA

As cidades británicas foron reticentes ao establecemento da taxa, pero nestes momentos xa a están considerando, entre elas Edimburgo, Bath, Brighton e Londres. Estableceríase para hoteis e B&B, con montantes moderados.

## OUTRAS CIDADES

**Berlín**, 5 por cento do prezo da estancia, ata a viséximo primeira noite, con exención a estudantes e outros supostos.

**Brujas**, 2 euros por persoa e noite en todos os establecementos hostaleiros, incluídos albergues xuvenís, excepto casas de vacacións, ás que se lles aplica un *forfait*.

**Bruxelas**, 4 euros por habitación e noite, calquera que sexa o número de ocupantes, en hoteis, aparthoteis e residencias de turismo; 3 euros en cámpings e similares; excluídos albergues de mocidade e centros de turismo social.

**Xenebra**, entre 1,65 francos e 4,75 por persoa e noite, segundo categoría ou tipo de aloxamento.

**Amsterdam**, non se cuantifica por persoa e noite, senón que é o 5 por cento da tarifa que se abona no hotel.



A experiencia destas cidades, unhas cun percorrido temporal da taxa maior que outras, demostra que a súa implantación non repercute negativamente sobre o volume de turistas. Os resultados do caso catalán son claros, xa

que, desde a súa implantación, a chegada de estranxeiros, por exemplo, medrou máis dun 20 por cento.

## 5. Cuantificación da achega potencial da taxa turística

A simulación facémola sobre datos de 2016, cando o turismo a Santiago de Compostela se recupera de maneira significativa ata superar cifras de finais da década anterior. Definindo o termo visitantes como persoas que viaxan a un destino determinado, distinto ao do seu lugar de residencia, por un período máis ou menos prolongado, sempre inferior ao ano, con calquera propósito, salvo que implique ser empregado. Poden ser nacionais ou internacionais e poden dividirse en excursionistas e turistas.

- Excursionistas, que son aqueles visitantes que non pasan a noite no destino, é dicir, permanecen menos de 24 horas.
- Turistas, que son aqueles visitantes que pasan a noite no destino, por tanto quedan polo menos 24 horas.

Partindo de datos obtidos de distintas fontes -Instituto Galego de Estatística, Enquisa de ocupación hostaleira do Instituto Nacional de Estatística, Turismo de Santiago de Compostela e Centro de Estudos Turísticos (USC)-, supoñemos que en 2016 a distribución entre turistas e excursionistas foi do 70 e 30 por cento.

O feito impoñible da taxa estaría constituído polas estadías, por días, que realizase o contribuínte nos aloxamentos situados na cidade. Excluímos os apartamentos turísticos, pendentos aínda da confección dun censo.

A cota tributaria obtense de multiplicar o número de estadías polo tipo de gravame que se fixe, graduado segundo a modalidade e/ou a categoría do establecemento hostaleiro. Supoñemos a existencia de exencións para menores de 16 anos e outras relacionadas con programas de turismo social.



A estadía media foi en 2016 ao redor de dúas noites, nun hotel no 37 por cento dos casos, en albergues nun 19,5; en hostais e pensións nun 17,5; casas rurais nun 1,3; cámpings e similares, nun 0,7 e noutros, o resto.

Tras realizar varias simulacións con distintas hipóteses de ocupación por categorías hostaleiras, e utilizando un tipo medio de gravame de 1 euro e un importe máximo de cota correspondente a cinco días, e considerando as exencións habituais, a estimación máis prudente da recadación obtida é de 1.000.000 euros.

Adicionalmente, podería establecerse unha taxa para excursionistas, é dicir, para visitantes de día, que se implementaría en colaboración con operadores turísticos, aparcadoiros de autocares e visitas con guías. Ponderando o número de excursionistas, axustándoo polos acollidos a programas sociais e menores, e xestionando a taxa a través dos turoperadores que utilicen autocares e servizos de guías, entre outras posibilidades, cunha contía de 0,40 euros por excursionista, a recadación alcanzaría aproximadamente 450.000 euros. A utilización deste tipo de taxas debe facerse coidadosamente, porque non é difícil incorrer en agravios comparativos, segundo o medio de transporte usado polo “turista de día”.

A Administración local debería deseñar as taxas de tal maneira que a presión fiscal indirecta, ligada ao cumprimento da obriga tributaria, e que afectará en moitos casos ao substituto do contribuínte, non sexa unha carga relevante. Neste sentido, a experiencia dun número de cidades que as estableceron desde hai anos, facilitará o deseño dos instrumentos de xestión.

## 6. Propostas

Resulta moi evidente que un número crecente de cidades foron tomando conciencia dos múltiples problemas que uns fluxos turísticos desorganizados, ou deficientemente xestionados, acaban por crear; é dicir, un conxunto de disfuncións e deseconomías que reducen sensiblemente as vantaxes de ser destinos moi demandados. Ademais, a presión real e ás veces aparente, de miles de visitantes sobre espazos compartidos cos residentes, produce actitudes de rexeitamento que poden traducirse nunha redución de turistas, coa consecuente perda de renda. É por iso que as autoridades deben esforzarse en tomar medidas graduais, unha vez estudado adecuadamente o fenómeno. Así, a primeira liña de actuación debe consistir en medidas de ordenación dos fluxos no interior dos centros históricos, que, sen coartar a liberdade de movementos e elección de lugares para visitar, reduza a conxestión, que acaba por impoñer custos en tempo aos propios turistas e aos cidadáns.

En segundo lugar, as cidades turísticas, de forma progresiva, van incorporando instrumentos fiscais, como a coñecida taxa turística. Da experiencia comparada e da propia teoría da imposición e os seus efectos, poden extraerse propostas de política. Nós cremos que se trata dunha medida apropiada, sempre que se faga de maneira proporcionada, tendo en conta as diferentes tempadas e tipos de aloxamento, utilizando tipos moderados. Se se decide a súa introdución, o proceso debería de ir precedido de conversacións co sector, ao que se lle faría ver, ademais das razóns obxectivas da medida, que o produto da taxa iría -en todo ou en parte- financiar obras ou servizos vinculados ao turismo. Simultaneamente, habería que implementar campañas de información á poboación residente, procurando subliñar que non se trata de dificultar os fluxos turísticos,

senón de canalizalos e, ao tempo, beneficiar á cidade cuns ingresos complementarios.

Como apoio á información a residentes, sería moi positivo subliñar que, na maioría das experiencias de implantación da taxa, non afectou nin ao número de durmidas nin ao de visitas e, con todo, a súa recadación axudou a progresar en políticas de turismo sustentable.

## REFERENCIAS

**ANTON, S, e GONZÁLEZ, F. (coord.) (2008) *A propósito del turismo: la construcción social del espacio turístico*, UOC, Barcelona.**

**BONHAM, C. e outros (1991) “The impact of the hotel roomtax”, *Workingpaper* nº 91-24, novembro.**

**COMBS, J.P. y ELLEDGE, B.W. (1979) “ Effects of a roomtax on resort hotel/motels, en *NationalTaxJournal*, Vol. 32, nº 2, pp. 201-207**

**GASCÓ, J.L. y outros (2017) “La tasa turística: una aproximación a su impacto en la Comunidad Valenciana”, en PITARCH, M.D. e outros (2017) *Las claves del turismo en la Comunitat Valenciana. Orientaciones para la toma de decisiones*. Tirant Humanidades, Valencia, pp. 33-45**

**GENERALITAT DE CATALUNYA (2017) *Turismo*, Barcelona**

**MINISTÈRE DU TOURISME ( 2008) *Étude de l'impact économique et des effets structurants de la taxe sur l'hébergement*, Montréal, Québec**

**NUEVA CANARIAS (2013) *Propuesta para la creación de una tasa sobre las estancias turísticas en Canarias*, Santa Cruz de Tenerife**

## FONTES

**Instituto Galego de Estatística, Encuesta de ocupación hotelera del Instituto Nacional de Estadística, Turismo de Santiago de Compostela e Centro de Estudios Turísticos (USC)**

